

SERVIZO DE ANXIOLOXÍA E CIRURXÍA VASCULAR DO CHUP

PRESENTACIÓN DO SERVIZO

O Servizo de Anxioloxía e Cirurxía Vascular do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra (CHUP) ocúpase da prevención, diagnóstico e tratamento das enfermidades vasculares. Nas súas orixes, a nosa especialidade era eminentemente cirúrxica, pero hoxe en día a atención ao paciente vascular require unha visión máis global incluíndo a prevención, o diagnóstico, o tratamento e o seguimento das enfermidades vasculares.

Os obxectivos e o campo de acción abarcan as enfermidades orgánicas e funcionais do sistema arterial, venoso (fleboloxía) e linfático (linfoloxía). Exclúense o corazón e as arterias intracraneais.

PROFESIONAIS DO SERVIZO

Responsable do servizo	Xefe de Servizo: Dr. Raúl García Casas
-------------------------------	---

Persoal facultativo	Facultativos especialistas de área: 5 Médicos internos residentes: 2
----------------------------	---

P e r s o a l d e enfermería	Supervisora: M. ^a del Pilar González Rodríguez
	Enfermeiras:
	Técnicos en coidados auxiliares de enfermería:

LOCALIZACIÓN E CONTACTO

Secretaría: Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra
Hospital Montecelo, planta 6.^a
Teléfono: 986 800 134

Área de hospitalización: planta 6.^a impar

Sala de consulta e curas: consulta n.º 5, planta 0

Sala de laboratorio vascular: consulta n.º 6, planta 0

CARTEIRA DE SERVIZOS

No noso servizo empréganse as seguintes técnicas para o tratamento da patoloxía vascular:

Endovasculares: xunto coas técnicas cirúrxicas clásicas, desenvolvéronse dunha forma espectacular as técnicas endovasculares dirixidas a un tratamento menos invasivo do paciente. Isto leva consigo a actualización permanente dos nosos coñecementos, tendo unha especial importancia na nosa

especialidade a formación continuada. Mediante guías e catéteres, trátanse lesións a distancia. Inclúen: fibrinólise, anxioplastia con ou sen *stent* de enfermidade arterial oclusiva, exclusión de aneurismas, embolización, filtros, láser endovascular.

Cirúrxicas: ligadura de vasos e suturas vasculares, técnicas de oclusión vascular e exérese, anastomoses vasculares, cirurxía arterial directa (embolectomías, endarterectomías, *bypass*, parches vasculares), simpatectomías, amputacións, cirurxía venosa (flebectomías, *bypass*, filtros), transplante de órganos, derivacións vasculares na hipertensión portal, accesos vasculares para hemodiálise.

As técnicas de imaxe non invasivas, fundamentadas na ecografía *Doppler*, requiren unha adecuada formación para diagnosticar de maneira fiable, pero supoñen un menor risco para o paciente e un menor custo para o sistema sanitario. Polo tanto, outro dos aspectos da nosa especialidade é o **LABORATORIO VASCULAR**, que ten como obxecto:

- Diagnóstico incruento de lesións arteriais subsidiarias de seren tratadas cirúrxicamente (cartografía arterial)
- Control evolutivo dos pacientes tratados, cunha especial dedicación aos tratamentos endovasculares
- Seguimento dos accesos vasculares para hemodiálise
- Valoración hemodinámica e topográfica da insuficiencia venosa (cartografía venosa)

O campo de acción da nosa especialidade implica o tratamento das seguintes entidades patolóxicas:

- Isquemia aguda dos membros por embolia ou tromboes
- Isquemia crónica das extremidades
- Aneurismas e arteriopatías ectasiantes
- Arteriopatías inflamatorias e vasculites
- Traumatismos vasculares
- Fístulas arteriovenosas
- Síndromes vasomotoras
- Enfermidades ectasiantes das veas
- Malformacións conxénitas vasculares
- Trombose venosa e síndrome postrombótica
- Insuficiencia venosa crónica. Varices
- Úlceras de orixe vascular
- Insuficiencia vascular cerebral de orixe extracraneal
- Isquemia mesentérica aguda e crónica
- Hipertensión arterial vasculorenal
- Síndrome neurovascular do estreito torácico
- Enfermidades dos vasos linfáticos
- Tumores vasculares. Quemodectomas
- Enfermidades vasoespásticas

PROCESOS E PROCEDEMENTOS ACTIVOS

- Protocolo de isquemia crónica de membros inferiores
- Protocolo de isquemia aguda de membros inferiores
- Protocolo de aneurismas de aorta
- Protocolo de estenose carotídea
- Protocolo de pé diabético
- Protocolo de isquemia mesentérica
- Protocolo de disección de aorta
- Protocolo de síndrome aórtica aguda
- Protocolo de cirurxía ambulatoria de varices

A **formación continuada** de todos os profesionais do Servizo de Anxioloxía e Cirurxía Vascular é fundamental para unha especialidade que tivo unha expansión espectacular nos últimos 10 anos co desenvolvemento das **técnicas endovasculares**. Por todo iso, no noso servizo promóvese a asistir a cursos e congresos internacionais, así como dispoñer de acceso ás revistas de maior índice de impacto da nosa especialidade.

Desde hai máis de 10 anos o noso servizo ten **acreditación docente** para a formación de médicos residentes. Por este motivo de forma continuada realizáronse achegas a congresos e revistas. Realizáronse **dúas teses doutorais** sobre as técnicas empregadas no servizo, participouse en estudos multicéntricos e obtívose unha **bolsa FISS**.

Así mesmo, somos **colaboradores coa Universidade de Santiago de Compostela**, polo que acollemos alumnado de 5.º e 6.º curso da Facultade de Medicina.

LIGAZÓNS RELACIONADAS

[Sociedad Española de Angiología y Cirugía Vascular \(SEACV\)](#)

[Sociedade Galega de Anxioloxía e Cirurxía Vascular \(SGACV\)](#)

[Capítulo Cirugía Endovascular \(Facebook\)](#)

[Capítulo Cirugía Endovascular \(World Wide Web\)](#)

[Capítulo Español de Flebología y Linfología](#)